

05

Mariña Arbor Aldea, Francisco Luengo, José M. Salgado e Francisco Singul, *O eco das estrelas. Música medieval no Camiño de Santiago*, A Coruña, Editorial Canela, 2021, 429 páxinas.

Xosé Manuel Sánchez Rei
Universidade da Coruña

Orcid 0000-0002-0763-9793. x.m.sanchez.rei@udc.es. Universidade da Coruña. España.

Ramón Otero Pedrayo, incortornábel intelectual e prolífico autor de primeira liña da nosa literatura, consideraba que os momentos máis representativos da historia e da cultura da Galiza correspondían ao mundo celta ou castrexo, ao románico e ao barroco. Para el, a conexión do país con territorios europeos célticos, o tempo de Xelmírez e o esplendor da fachada do Obradoiro sintetizaban os esteos en que asentaba a idiosincrasia da nación. E, con efecto, podería asinarse parcial ou totalmente este parecer do polígrafo de Trasalba coa única matización de o grao de coñecemento desas épocas ser máis profundo hoxe do que nos anos en que Otero proclamaba tal idea a través da súa vastísima e variada obra. As investigacións máis recentes sobre o reino medieval galego verificaron a relevancia cultural, histórica e política que tivo na península ibérica, ao paso que evidenciaron as falacias, tantas veces reiteradas pola historiografía oficial española, que insistían na negación daquel ou, no mellor dos casos, na súa secundarización. A Galiza foi unha monarquía hexemónica, cunhas orixes que remontan á figura de Hermerico, primeiro rei suevo (409-438) da Gallaecia e primeiro do occidente europeo após a queda do poder romano. Por mar ou por terra, o reino galaico mantivo diálogos comerciais e culturais con diferentes terras, sen alfándegas condicionadas pola submisión a outros territorios. Os traballos de Nogueira (2002), López Carreira (2005), Murado (2013) e máis recentemente Rodríguez (2022) teñen contribuído para valorizaren a Idade Media galega.

Tamén é sabido que a hexemonía política e a bonanza económica costuman ter como compañeira unha equivalente produción cultural, en que diversas disciplinas artísticas, como a arquitectura, a literatura ou a música, coñecen un notabilísimo desenvolvemento e unha grande repercusión social. Existen mostras de civilizacións en que o poder político e económico se espella en obras de arte que cumpren unha dupla función: por un lado, corroboran o poder desas sociedades e das súas clases dirixentes, e, por outro, supoñen unha proxección artística dese mesmo poderío. Nestes medios, o libro *O eco das estrelas. Música medieval no Camiño de Santiago*, saído do prelo na editora herculina Canela que dirixe Pablo Quintana, dá forma a un extraordinario exemplo en que son constatadas interseccións entre artes cultivadas con brillantismo durante a Idade Media galega, cando a Galiza se caracterizaba por esa hexemonía que acabamos de referir. A través das súas páxinas asistimos a unha corda melodía en que cantigas trobadorescas, códices, manuscritos, instrumentos labrados na pedra ou reproducidos en iluminuras, tímpanos de igrexas e mosteiros etc. enforman unha ben harmonizada polifonía que principia, nalgúns casos, en territorios ultrapirenaicos. Xa a capa do libro preludia todo iso cun *organistrum*, antesala da zanfona contemporánea, conservada por cegos anónimos nos séculos XVI-XIX e recuperada na segunda metade da pasada centuria por Faustino Santalices e despois popularizada por bandas como Doa, Fuxan os Ventos ou Milladoiro.

A obra que foca o noso interese consta de varios capítulos. O primeiro, asinado por José M. Salgado e intitolado “O ancián 23” (pp. 15-31), organízase en varias seccións: “I. Introducción”, “II. As circunstancias”, “III. O ancián 23” e unha “Bibliografía”. Toda esta primeira parte funciona case como preámbulo aos posteriores traballos e nela o coñecido fotógrafo, deixando claro que a cidade compostelá foi “unha das urbes máis importantes de Occidente” do punto de vista cultural (p. 20), explica fundamentalmente o “traballo fotográfico que complementa os capítulos” dialogando coas opinións dos autores, da autora e do editor, “sen deixar de lado o máximo coidado dos principios estéticos” e os “altos estándares editoriais”. Con certeza, non podía ser doutro xeito, pois Canela ten na fotografía un dos seus principais cartóns de visita; conforme teremos ocasión de verificarmos, todos os traballos reproducidos n’*O eco das estrelas* (como a maior parte dos libros promovidos por Pablo Quintana) coñecen na imaxe un excelente complemento que, nalgúns casos, apelando á semántica da metáfora gramatical, foxe desta categoría *complementar* para se aproximar da de *suxeito*.

O segundo texto provén da man de Francisco Singul e leva por título “A imaxe da harmonía universal. Música, poesía e artes visuais en Galicia e no Camiño de Santiago” (pp. 33-151). Neste capítulo, Singul divide os contidos en varias partes: “I. A recuperación da escultura monumental en occidente como recurso pastoral”, “II. A vida monástica na difusión da música medieval”, “III. Xogares e danzantes. Iconografía sacra e apunta-

mentos moralizantes na escultura románica”, “IV. O rei David: soberano, salmista e músico”, “V. Compostela e o Camiño a Santiago no século XII, espazo sacro de arte e música”, “VI. A peregrinación a Santiago e a outros santuarios como inspiración musical e poética” e “VII. A tradición galega, poética e musical, no *Scriptorium* de Afonso X o Sabio”, seguidas dunhas “Conclusións” e da “Bibliografía”. Unha das partes que máis chamou a nosa atención foi a terceira, en que o autor dá conta dos desencontros entre as figuras de danzantes e xogres coas prescricións dos ministros do deus cristián, nada proclives a consentiren o lecer da música nin a que se traducise para representacións artísticas: “Os cregos e moralistas medievais lanzaban nos seus sermóns serias críticas contra as actividades lúdicas e sensuais dos xogres, intranquilos ante o poder de convocatoria que músicos, cantores e danzantes exercían sobre os fieis”, aínda máis criticábel “cando se trataba de música na taberna”, coa “perigosa relación entre viño, música, baile e luxuria” (p. 41).

O traballo de Singul vese ilustrado por 61 imaxes. Sobresaen as tiradas a templos que se achan nos camiños a Compostela (pp. 68-69, 70-71 etc.), nas cales destacan as representacións de músicos e de instrumentos medievais: frautas (p. 71 etc.), arpas medievais (p. 85 etc.), rotas (p. 83 etc.)... Tamén merecen un comentario as que recollen claustros, fachadas de igrexas e abadías, pórticos etc. (pp. 72, 74-75 etc.). Ao paso, as imaxes de carácter histórico que reconstrúen edificacións doutras épocas, cal o aspecto con que lucía a catedral de Santiago nos primordios do século XIII (pp. 108-109, 110-111) posibilitan unha verdadeira viaxe no tempo á cidade baixomedieval. Finalmente, as fotografías do *Codex Calixtinus* ou *Liber Sancti Iacobi* (pp. 120-121, 122 etc.) coas súas notacións musicais, ou do *Libro de Horas de Fernando I* (pp. 124-125, 126-127 etc.), favorecen termos unha idea de que repertorios de carácter sacro eran os que estaban de moda na altura. A selección de imaxes conclúe cunha romaría dos inicios do século XX no Cebreiro (pp. 150-151), no santuario en que é venerada a Virxe do Santo Milagre, festa que, se non fose pola vestimenta dos romeiros, ben podería representar, polo primitivismo arquitectónico das características pallozas da zona, unha celebración relixiosa dos séculos medievais.

Mariña Arbor Aldea é a responsábel polo terceiro capítulo, “Poesía e música na Idade Media hispánica centro-occidental. Un crisol de culturas en *cobras e sões*” (pp. 153-249). A profesora da Universidade de Santiago, grande experta en literatura galega medieval, organiza a exposición en varias partes: “I. *Incipit*”, “II. Lírica profana e *Cantigas de Santa María*. As súas orixes: marco histórico”, “III. Lírica profana galego-portuguesa. Coordenadas socio-culturais”, “IV. Lírica profana e *Cantigas de Santa María*. Manuscritos”, “V. Lírica profana e *Cantigas de Santa María*. Xéneros e textos”, “VI. A música e a súa notación nos códices”, “VII. A música referida. Léxico e iconografía musical na lírica galego-portuguesa”, “VIII. *Conclusio*” e “Bibliografía”. Segundo se pode retirar das epígrafes dos subcapítulos, o contributo de Arbor Aldea dá forma a unha actualizada panorámica en que son desenvolvidos os principais puntos para podermos entender e contextualizar a magnífica produción poética galega medieval, a camiño entre a música e a lírica. Con efecto, nas palabras da autora, a poesía en romance galego “comeza a cultivarse arredor de 1175, cando o reino de Galicia vivía momentos de gran bonanza económica e asistía a unha auténtica explosión cultural” (p. 156). O convivio entre música e lírica era tal que conseguían producir unha única realidade hoxe frecuentemente esgazada: “Texto e música, ‘cobras e sões’, que para todos nós constitúen universos enormemente distantes, eran na Idade Media esferas complementares. Quen hoxe estuda o texto, de feito, apenas sabe nada da súa música e quen estuda a música carece, con frecuencia da capacidade para aprofundar na estrutura formal e na métrica das cantigas” (p. 195).

Na liña dos criterios editoriais dos traballos que integran *O eco das estrelas*, un total de 33 imaxes asiste aos contidos expostos por Arbor Aldea. Entre elas, cómpre citarmos a do sarcófago atribuído ao rei galego Fernando II ou Afonso VIII que se acha no Panteón Real da sé compostelá (p. 207), os mapas que representan o reino na época de Afonso VIII até á independencia de Portugal (p. 208) ou as correspondentes aos cancioneros medievais e outros textos: *Pergamiño Vindel* (pp. 210-211), *Cantigas de Santa María* (pp. 212-213 etc.), *Pergamiño Sharrer* (pp. 222-223), *Cancioneiro da Ajuda* (pp. 224-225 etc.), *Cancioneiro da Vaticana* (pp. 226-227),

Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Portugal (pp. 228-229) etc. Tamén teñen o seu lugar as reproducións de instrumentos, cal o salterio construído por Carlos Paniagua en 2018 (p. 233), a gaita ou *musa* medieval realizada no Obradoiro Seivane en 2016 (p. 337) e varias imaxes de tímpanos e capiteis de igrexas con intérpretes e xograres (p. 340, 343-343 etc.). A selección de fotografías conclúe con unha ben coñecida de Florencio López Fernández (pp. 248-249), violinista ambulante dito “O cego dos Vilares” ou “O cego da Fontaneira”, que percorreu as montañas lucenses e cuxa figura, melodías e técnica foron merecedoras de estudos monográficos (cfr. VVAA, 2015; Domínguez Díez, 2016).

O título “O mundo instrumental do Mestre Mateo” (pp. 251-427) serve como epígrafe ao cuarto capítulo. Foi redixido por Francisco Luengo, famoso músico e artesán e integrante de formacións como Capela Compostelana, Doa, Grupo Universitario de Cámara de Compostela ou Malandança. Esta parte constitúe a máis extensa da obra por causa das 122 imaxes que acompañan o texto e é estruturada nas seguintes seccións: “I. Os instrumentos musicais”, “II. Os intérpretes”, “III. Onde soaba a música”, “IV. A reconstrución dos instrumentos”, “V. Materiais”, “VI. O Pórtico da Gloria”, “VII. Os instrumentos do Pórtico da Gloria”, “VIII. O rei David da fachada románica”, “IX. O rei David das Praterías”, “X. San Xoán ou San Nicolás de Portomarín”, “XI. San Lourenzo de Carboeiro”, “XII. Pazo de Xelmírez”, “XIII. Ourense: Pórtico do Paraíso”, “XIV. Outras igrexas e mosteiros” e “XV. Conclusión”. Isto é seguido da “Bibliografía”, dun interesante “Glosario” de termos relativos a constituíntes de instrumentos (*bordón, caixa harmónica, crina* etc.) e duns deseños coas partes dun *organistrum*, dunha arpa, dunha viola e do seu correspondente arco.

Luengo fornécenos unha fantástica síntese dos instrumentos que soaban na Idade Media, con especial atención aos que aparecen no granito do Pórtico da Gloria e do Pórtico do Paraíso e noutros templos da nación. Como sinala nas palabras liminares, a obra do Mestre Mateo “constitúe unha referencia fundamental, alén da súa calidade artística, pola incalculable carga de información que nos ofrece sobre os instrumentos musicais, sobre a súa forma, estrutura, tamaño e construción, e sobre a importancia que tiñan na sociedade culta da Idade Media” (p. 253). O grao de pormenorización conseguida no Pórtico da Gloria é tal que, na liña do apuntado por Luengo, dá para subliñarmos o traballo conxunto entre canteiros e luthieres medievais, que deberon de guiar con precisión digna de nota os seus colegas escultores en canto estes daban forma á famosa entrada oeste da catedral de Compostela.

Como nos textos anteriores, a autorizada voz de Luengo conflúe cunhas extraordinarias fotografías de instrumentos e de intérpretes que poñen o ramo ao traballo do autor: hai imaxes esculpidas na pedra ou tiradas das iluminuras das *Cantigas de Santa María* en que figuran cítolas, laúdes, rotas, xigas, violas e violóns. (pp. 315, 316-317 etc.). Támén se inclúen réplicas actuais, realizadas nalgúns casos por Luengo (p. 323, 336 etc.), ás veces coa colaboración de César Arias (p. 322, 328 etc.), e en ocasións fabricadas no Obradoiro do Centro de Artesanía e Deseño da Deputación de Lugo seguindo as pesquisas de Christian Raul en 2017 (p. 345, 346 etc.).

Após a lectura do libro, tórnase fácil imaxinarmos a simbiose entre música e poesía en galego na Idade Media, lingua lírica peninsular durante moito tempo. Esa simbiose era producida coa axuda de instrumentos estimados pola aristocracia e tanxidos por unha pléiade de trobadores e xograres, bardos e cantores, nun territorio que ía desde Coimbra até Ortelgal e desde León até Fisterra. Como expón Luengo, os xograres eran os principais intérpretes e correspondían a figuras que mudaban “segundo o momento e o lugar”, con categorías diferentes, pois habíaos que cantaban, “a miúdo acompañados de instrumentos, obras anónimas, quer cantares de xesta, vidas de santos ou de persoas famosas, quer cancións trobadorescas, con autores coñecidos que con frecuencia eran os patróns dos xograres” (p. 256).

Os contactos comerciais entre nacións e as peregrinacións a diferentes centros de culto alén de Compostela (Canterbury, Notre Dame, Roma...) foron capaces de levaren e de traeren, atravesando diversos reinos, gostos,

intérpretes e xogares, melodías, modas etc. que, co pasar do tempo, constituirían o patrimonio que significa a música medieval. Contemplada desde a actualidade, representa unha das máis relevantes esferas do legado cultural galego e europeo e a Galiza foi, naqueles tempos, unha verdadeira potencia artística na construción de templos, no musical e no literario, o que dá pé a reflectirmos no poder que debía de ter o reino. Desperta a atención non só a diversidade de instrumentos de que se ten noticia, tan ben descrita n'*O eco das estrelas*, mais tamén a variedade de tradicións musicais que comporían ese universo sonoro: as escalas e sonoridades célticas, as cristiás, as románicas, as xermánicas etc. Sen dúbida, os instrumentos de que falan os autores e a autora do libro, probabelmente algúns exportados desde Compostela e outros traídos á cidade, darían boa conta desas escalas e acústicas, en claro contraste coa redución aos modos maior e menor que se verifica xa no século XVII e coa reforma consistente na adopción dunha escala temperada dividida en doce distancias idénticas, que é a actual da música chamada culta e que tivo en Johan Sebastian Bach (1685-1750) un dos seus máis preclaros entusiastas e defensores.

Noutra orde de ideas, o desenvolvemento da polifonía na Baixa Idade Media, con persoas tocando xuntas como se documenta nas imaxes de capiteis, pórticos e tímpanos reproducidos n'*O eco das estrelas*, soubo proporcionar unha nova estética artística a músicos profanos e relixiosos, á vez que, desde a actualidade, serve para caracterizar unha nova etapa na evolución e/ou aparecemento de instrumentos. Tal é o caso da gaita ou cornamusa, aerofone de orixe incerta composto dun depósito de ar tradicionalmente de coiro e hoxe de Gore-tex (*fol*), un tubo insuflador (*soprete*), un tubo cantor (*punteiro*) e un ou varios tubos que emiten notas pedais afinadas nalgún grao do punteiro (*roncóns*, *ronquetas*), habitualmente na tónica; dedúcese con facilidade que a organoloxía básica da gaita como a hoxe entendemos podería datarse, con bastantes doses de verosimillanza, nos momentos en que a polifonía era xa un recurso artístico e estético, o que desloce a teoría da procedencia céltica do instrumento, tan popular como tan pouco probábel e tantas veces reiterada desde a segunda metade do século XIX.

En resumo, moitos son os méritos d'*O eco das estrelas*, os cales se alicerzan tanto na validez e rigor dos estudos canto na calidade das imaxes e figuras que os acompañan. Por todo iso, e xa para irmos concluíndo, aprácenos darmos os parabéns á autora e aos autores do libro, coñecidos expertos e responsábeis por un traballo que perdurará no tempo e que está destinado a se converter, pola seriedade con que foi escrito e polo material iconográfico que trae consigo, nunha obra de referencia. Outrosí, na liña do que xa foi dito, é a nosa obriga congratularmos o traballo fotográfico, capaz de nos transmitir pormenores de fachadas, instrumentos, músicos etc., tan ben captados polos obxectivos das cámaras. E, finalmente, tamén nos agrada encamiñarmos outra dose de parabéns a Pablo Quintana, editor de Canela, casa que está a conseguir un lugar destacado no panorama bibliográfico da Galiza actual.

Referencias bibliográficas

Domínguez Díez, África (2016). *El ciego coplero violinista en Galicia y su revival a través del repertorio de Florencio dos Vilares (1914-1986)*. Fac. de Filosofía e Letras da Univ. de Valladolid. Traballo de Fin de Grao. Dispoñíbel en <https://uvadoc.uva.es/handle/10324/18485>

López Carreira, Anselmo (2005). *O reino medieval de Galicia*. Vigo: A Nosa Terra.

Murado, Miguel-Anxo (2013). *La invención del pasado. Verdad y ficción en la historia de España*. Barcelona: Debate.

Nogueira, Camilo (2002). *A memoria da nación. O reino de Gallaecia*. Vigo: Xerais.

Rodríguez, Francisco (2022). *Unha etapa estelar e conflitiva do reino de Galiza (a segunda metade do século XIV)*. Tomo I. *A relevancia do reino medieval galego*. Tomo II. *Un reino con clase dirixente*. A Coruña: AS-PG.

VAA (2015). *Florencio, cego dos Vilares*. Santiago de Compostela: aCentral Folque.



<https://revistas.udc.es/index.php/rgf>

Edita

Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña,
co patrocinio de ILLA (Grupo de Investigación Lingüística
e Literaria Galega)

Dirección

Teresa López, Universidade da Coruña (España)
Xosé Manuel Sánchez Rei, Universidade da Coruña (España)

Secretaría

Diego Rivadulla Costa, Universidade da Coruña (España)

Consello de Redacción

Ana Bela Simões de Almeida, University of Liverpool (Reino Unido)
Pere Comellas Casanova, Universitat de Barcelona (España)
Iolanda Galanes, Universidade de Vigo (España)
Leticia Eirín García, Universidade da Coruña (España)
Carlinda Fragale Pate Núñez, Universidade Estadual do Rio de Janeiro (Brasil)
Xavier Varela Barreiro, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Xaquín Núñez Sabarís, Universidade do Minho (Portugal)

Comité asesor

Ana Acuña, Universidade de Vigo (España)
Olga Castro, University of Warwick (Reino Unido)
Regina Dalcastagnè, Universidade de Brasília (Brasil)
Manuel Fernández Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Roberto Francavilla, Università degli studi di Genova (Italia)
Ana Garrido, Uniwersytet Warszawski (Polonia)
José Luiz Fiorin, Universidade de São Paulo (Brasil)
Xoán Luís López Viñas, Universidade da Coruña (España)
Xoán Carlos Lagares, Universidade Federal Fluminense de Niterói (Brasil)
Sandra Pérez López, Universidade de Brasília (Brasil)
María Olinda Rodrigues Santana, Universidade de Trás-Os-Montes
e Alto Douro (Portugal)

Comité científico

Silvia Bermúdez, University of California, Santa Barbara (Estados Unidos)
Evanildo Bechara, Universidade Federal do Rio de Janeiro (Brasil)
Ângela Correia, Universidade de Lisboa (Portugal)
Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Universidade da Coruña (España)
Manuel Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Maria Filipowicz, Uniwersytet Jagiellonski (Polonia)
Xosé Ramón Freixeiro Mato, Universidade da Coruña (España)
María Pilar García Negro, Universidade da Coruña (España)
Helena González Fernández, Universidade de Barcelona (España)
Xavier Gómez Guinovart, Universidade de Vigo (España)
Pär Larson, CNR - Opera del Vocabolario Italiano, Florencia (Italia)
Ana Maria Martins, Universidade de Lisboa (Portugal)
Kathleen March, University of Maine (Estados Unidos)
María Aldina Marques, Universidade do Minho (Portugal)
Inocência Mata, Universidade de Lisboa (Portugal)
Juan Carlos Moreno Cabrera, Universidad Autónoma de Madrid (España)
Andrés Pociña, Universidade de Granada (España)
Eunice Ribeiro, Universidade do Minho (Portugal)
José Luís Rodríguez, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Marta Segarra, CNRS (Franza) / Universitat de Barcelona (España)
Sebastià Serrano, Universitat de Barcelona (España)
Ataliba T. de Castilho, Universidade de São Paulo (Brasil)
Telmo Verdelho, Universidade de Aveiro (Portugal)
Mário Vilela, Universidade do Porto (Portugal)
Roger Wright, University of Liverpool (Reino Unido)

Cadro de honra

Álvaro Porto Dapena (1940-2018), Universidade da Coruña (España)
José Luis Pensado (1924-2000), Universidade de Salamanca (España)
Rafael Lluís Ninyoles (1943-2019), Conselleria de Educació i Ciència,
Generalitat Valenciana (España)



Depósito legal/ C584/2000
ISSN/ 1576-2661
ISSN-e 2444-9121
Deseño/ Novagarda